

Acta da Asamblexa Xeral

16 de abril de 2026

Lugar: Santiago de Compostela

Hora: 19:00 h . Sesión ordinaria

Orde do día,

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da Asemblea anterior.
- 2.- Memoria e contas 2025. Aprobación se procede.
- 3.- Calendarios e normativas.
- 4.- Rogos e preguntas

Asistentes:

Presidente-Javier Campos Peña

Secretaria Xeral- Mónica Flores Ferreiro

ESTAMENTO DE CLUBS

AD Fogar da Xuventude- María Teresa Vila Bermúdez (Delegación)

Club Triatlón Ferrol –Silvia Alvarez Vieito (Delegación)

Club Triatlón Santiago- Paloma Herbelo Hermelo

Club Triatlón Rias Baixas- Enrique Hernández Moldes

ESTAMENTO DEPORTISTAS

Pablo Cabanelas Eiras

ESTAMENTO TÉCNICOS

Javier Campos Peña*

ESTAMENTO OFICIAIS/XUICES

Mónica Flores Ferreiro*

Javier Ángel Vázquez Orejas

Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados

Iniciase a sesión ás 19:30 h en segunda convocatoria ao non haber quorum na primeira.

1.-Lectura e aprobación da acta da Asemblea anterior

Indícase que a acta xa foi enviada e polo tanto salvo que alguén desexe que se lea ou aclare algo procédese a votación.

Votos a favor- 8

Votos en contra-0

Abstencións- 0

2.- Memoria e contas 2025. Aprobación se procede.

Memoria Deportiva

- Preséntase a memoria deportiva e de prensa. A Secretaria Xeral indica que elaborou a memoria deportiva desagregando a parte de prensa da deportiva e indicando a participación por proba, tal e como fora solicitado na asemblea de contas 2024. Aberta a quenda de preguntas sen anotacións ou modificacións procédese á votación quedando aprobadas.

Votos a favor- 8

Votos en contra-0

Abstencións- 0

Contas 2025 e Memoria Económica

O presidente da a palabra á Asesora María Teresa Vila Bermúdez que procede á explicación das contas enviadas aos asembleístas. A asesora resalta que as contas foron positivas e estando desglosadas por proxecto e actividade reflicten unha información clara da actividade, realizou un resumo de ingresos e gastos por proxecto e as cuestións máis significativas . Explicadas as contas e aclarados os detalles procédese á súa votación quedando aprobadas por unanimidade.

Votos a favor- 8

Votos en contra-0



Abstencións- 0

3.- Calendarios e normativas

- Actualización de Normativas

O presidente presenta as normas de convivencia do CGTD que foron acordadas pola comisión creada para traballar nas mesmas. Resalta que non houbo moita participación. Que se creou un grupo de whatsapp cos técnicos do CGTD e adestradores dos clubs con deportistas bolseiros e que finalmente só se engadiu un parágrafo que invita á colaboración e comunicación entre clubs e equipos técnico FEGATRI no punto 1. *“ Todas aquelas competicións na medida en que sexan consideradas relevantes (por parte do persoal técnico da FEGATRI en consenso co club) para a preparación do/a deportista.”*

O AD Fogar, a través da representación da súa tesoureira (M^a Teresa Vila Bermúdez), traslada a proposta de que non se deben prohibir as licenzas doutros deportes indicando que coarta a liberdade do deportista a elixir. Debátense os puntos de vista en relación ao resto do recollido nas normas onde xa se fai referencia ao consenso técnico de club e federación e procédese á votación, de acordo a esta proposta, de retirar o parágrafo 2 do punto 4 - *“Non está permitido tramitar ningunha licenza doutra modalidade deportiva sen previo consentimento do equipo técnico da Federación (a persoa deportista ou a súa persoa titora deberá solicitar á Dirección Deportiva a súa conformidade)”*

Queda denegada a retirada do punto

Votos a favor da retirada- 2- Triatlón Rias Baixas e AD Fogar.

Votos en contra da retirada-5

Abstencións- 1

A continuación procédese á votación do documento íntegro de normas presentado pola Xunta Directiva quedando este aprobado.

Votos a favor- 6

Votos en contra-2

Abstencións-0

Procédesse á votación e queda aprobado que non é obrigatoria no resto de probas a remuda mixta engadíndoa no regulamento nas probas opcionais con esta matización.

Votos a favor- 8

Votos en contra-0

Abstencións- 0

- Actualización Calendario 2026. Modificacións

Infórmase da necesidade de ratificación das probas aprobadas por Comisión Delegada e das modificacións realizadas no calendario oficial e engádense así mesmo as seguintes modificacións

Probas con modificacións no calendario

- 23/05/2026- Dúatlon Val de Soneira de Vimianzo (modificación de data por obras no percorrido)

Procédesse á votación quedando aprobadas as modificacións de calendario

Votos a favor- 8

Votos en contra-0

Abstencións- 0

4.- Rogos e preguntas:

- O AD Fogar formulou unha pregunta enviada en tempo e forma

“Situación actual da orde do Presidente de traballar no desenvolvemento da nova normativa da sección de triatlón do CGTD de Pontevedra”

O presidente indica que xa foi respondida no apartado de normativas.

Levántase a sesión ás 20:45 h.

Asdo.- A Secretaria Xeral
Mónica Flores Ferreiro

Asdo.- O presidente
Javier Campos Peña

FEGATRI
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN
E PENTATLÓN MODERNO
VºBº
Rúa Castelao 21, ent. 2
27001 Lugo || 982 251 345
N.I.F.: V36703932